



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 12 de de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte cinco minutos do día doce de novembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1300).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1301).- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXEN O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA REDE SEN FÍOS "WIFI" EN CONTORNAS MUNICIPAIS. EXPTE. 8619/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

–Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2018 aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento aberto mixto de subministro e servizos dunha rede sen fíos “wifi”, que inclúe os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares.

Aberto o procedemento de licitación, mediante dilixencia de data 9 de novembro de 2018, o Servizo de Administración Electrónica propón a corrección do prego de prescricións técnicas particulares nos seguintes termos:

“Detectáronse unhas incongruencias no prego de prescricións técnicas que fan preciso corrección do mesmo:

1. No apartado “**4.1 Puntos de acceso (APs)**” da páxina 6 do PPT, indícase que “A licencia de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de cinco anos”.

Tal e como se indica no apartado “**4.7 Garantía e licenciamiento do sistema**”, do mesmo PPT así como no apartado 7, “**B) Criterios avaliábles a través de fórmula**” do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), esa garantía mínima é de **36 meses (3 anos)**, polo que a redacción correcta no apartado **4.1 Puntos de acceso (APs)** da páxina 6 é:

“A licencia de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de **tres** anos”.

2. No apartado “**4.1.1 APs de interiores de alta densidade. Características**”, na páxina 6 do PPT, indícase como característica necesaria “Porto de consola RS-232”. Esta característica xa fora eliminada nos outros dous tipos de puntos de acceso dos apartados “**4.1.2 APs de interiores de media densidade**” e “**4.1.3 APs de exteriores**” pero por erro, non foi borrada no apartado 4.1.1.

3. No apartado “**4.1.3 APs de exteriores. Características**” na páxina 7 do PPT, indícase como característica necesaria “**Terceira radio multifunción en modo sensor para escaneo dedicado, análise de espectro, WIPS.**” Esta característica foi introducida por error neste apartado, cando só é precisa nos apartados 4.1.1 e 4.1.2, nos outros tipos de AP.

Dada a limitación a concorrência que poden presentar estas características engadidas erróneamente, estímase necesario realizar a modificación do prego técnico e reiniciar o procedemento de contratación”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).



Concello de Vigo

No caso que nos ocupa, advertíronse os seguintes erros materiais no PPT:

- No apartado 4.1 Puntos de acceso (APs)” da páxina 6 do PPT no que se indica “*A licenza de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de cinco anos*”, debendo dicir:
“*A licenza de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de tres anos*”.
- No apartado “4.1.1 APs de interiores de alta densidade. Características”, na páxina 6 do PPT, indícase como característica necesaria “Porto de consola RS-232”, característica que debe ser eliminada, como nos outros puntos de acceso (apartados 4.1.2 e 4.1.3).
- No apartado “4.1.3 APs de exteriores. Características” na páxina 7 do PPT, indícase como característica necesaria “*Terceira radio multifunción en modo sensor para escaneo dedicado, análise de espectro, WIPS*”. Esta característica foi introducida por erro neste apartado, cando só é precisa nos apartados 4.1.1 e 4.1.2, polo que debe ser eliminada do apartado 4.1.3.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) “*Rectificar os apartados 4.1. Puntos de acceso (Aps), 4.1.1 APs de interiores de alta densidade. Características e 4.1.3 APs de exteriores. Características do prego de prescricións técnicas particulares que rexe o procedemento aberto mixto de subministro e servizos dunha rede sen fíos “wifi” nos seguintes termos:*”
 - *Apartado 4.1 Puntos de acceso (Aps):*
Indica “A licenza de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de cinco anos”, debendo dicir:
“A licenza de uso e garantía dos puntos de acceso e o sistema será como mínimo de tres anos”.
 - *Apartado “4.1.1 APs de interiores de alta densidade. Características”:* *elimínase a característica “Porto de consola RS-232”.*
 - *Apartado “4.1.3 APs de exteriores. Características”* *elimínase a característica “Terceira radio multifunción en modo sensor para escaneo dedicado, análise de espectro, WIPS”.*
- 2) *Abrir novamente o procedemento de licitación”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1302).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA MAIORES 2018-2019”. EXPTE. 17091/333.

Visto o informe de fiscalización de data 7/11/18, dáse conta do informe-proposta do 5/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)

Dáse conta da documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA, S.L., o 2 de novembro de 2018, dentro do prazo concedido.

A Mesa comproba que documentación presentada é correcta, soamente falta a declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP (Anexo VI). Non formando parte esta documentación da esixida polo artigo 150.2 da LCSP para a adxudicación do contrato, a Mesa acorda conceder ao citado licitador un prazo de tres días para a súa presentación e formular igualmente a proposta de adxudicación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a



Concello de Vigo

PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	A BILLARDA S.L.	87,40
2	MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.	74,70

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA, S.L., o día 19 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 2 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, soamente falta a declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP (Anexo VI). Non formando parte esta documentación da esixida polo artigo 150.2 da LCSP para a adxudicación do contrato, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao citado licitador un prazo de tres días para a súa presentación e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar A BILLARDA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por A BILLARDA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 de setembro e 8 de outubro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a A BILLARDA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 39.131,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.791,40 euros.*
- b) Comprométese a impartir dúas charlas ao longo do curso sobre hábitos de vida saudables para as persoas maiores.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1303).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA SOCIEDADE HÍPICA DE VIGO 1910 POLO DESENVOLVEMENTO DO “COPA GALICIA DE ENGANCHE”.EXPTE. 17571/333.

Visto o informe xurídico do 18/10/18 e o informe de fiscalización de data 8/11/18, dáse conta do informe-proposta do 18/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17571/333 sobre as proposta de subvención a favor da Sociedade Hípica de Vigo 1910 co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do proxecto “Copa Galicia de Enganche”, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 26 de Xullo de 2018, procede informar, sobre as consideracións detalladas no dito informe, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:



Concello de Vigo

- **a)** Instrumento de concesión da subvención: inclúese memoria con referencia ás esixencias da Lei 40/2015 para a suscripción de convenios, contéñense ao longo do expediente referencias a convenios, pero logo realízase un informe-proposta para outorgala por resolución e non para a aprobación dun convenio. A fórmula da resolución sería axeitada, sempre e cando se xustifiquen as razóns.
 - Modifícanse as referencias a convenios.
- **b)** Reforzar a motivación, das razóns de interese público, social e económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas como aquelas que dificulten a súa convocatoria pública, explicando a relación deste tipo de subvencións coas liñas e cos expedientes de libre concorrència que habitualmente tramita ese departamento.
 - Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe-proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 1.700,00 (mil setecentos euros), para a “Copa Galicia de Enganches”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrència pública, dado que a Sociedade Hípica de Vigo 1910, CIF G36944569 ostenta os dereitos competición.
 - En relación a Sociedade Hípica de Vigo 1910, CIF G36944569 débese sinalar a exclusividade e os dereitos de organización, como única entidade do municipio de Vigo, que dispón do certificado para a organización da Copa Galega de Enganches a celebrar os días 20 e 21 de Xullo, certificado emitido pola Federación Hípica Galega, tal e como se acredita na documentación que presenta a entidade. Polo que ningúnha outra entidade deportiva do Concello de Vigo podería organizar este evento deportivo.
 - Na actividade “Copa Galega de Enganches” a subvencionar, concorren singulares circunstancias de interese público, pois é unha actividade que se ven realizando dende xaneiro en varias cidades galegas (Silleda, Nigrán, Ferrol, Xinzo de Limia, Lugo, Cartelle e Tui) onde participaron 22 competidores e mais de 40 cabalos que se clasificaron para esta fase final todos coas respectivas licenzas deportivas, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e sentará as bases para a organización de futuros campionatos de España. Este evento conta cunha ampla promoción da actividade deportiva centrándose na competición de enganche por un cabalo, por dous cabalos e coa proba libre, participando este ano tres representantes da cidade de Vigo. Tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, polo que estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.
- **c)** En calquera caso, débese repasar o conxunto documental unido ao expediente, xa que, agás erro na consulta do expediente electrónico, se botan en falta as consultas que se puidesen realizar ou os certificados vixentes (< 6 meses) de estar ao corrente

de débedas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Comunidade Autónoma de Galicia, de estar ao corrente de obrigas de Seguridade Social nin a información relativa ás débedas tributarias co Concello de Vigo.

- Engádese o expediente o documento relativo as débedas tributarias co Concello de Vigo.
- Inclúese na documentación a declaración responsable da entidade deportiva conforme non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, procédese á modificación do informe proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

INFORME PROPOSTA:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 09/07/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor da Sociedade Hípica de Vigo 1910 en relación á celebración do Copa Galicia de Enganche, que se celebran na cidade de Vigo os días 21 e 22 de Xullo de 2018.

O evento terá lugar entre os días 21 e 22 de Xullo de 2018.

O evento, organizado pola entidade Sociedade Hípica de Vigo 1910, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Ramón Vazquez Ríal, Presidente da entidade organizadora e posuidor dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa entidade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O servizo de deportes dispón do crédito necesario de 1.700,00 €, na aplicación 3410.489.00.01 do seu vixente orzamento.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da Copa Galicia de Enganche, segundo o presuposto presentado pola entidade Sociedade Hípica de Vigo 1910, ascenden a un total de 4.200,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe-proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 1.700,00 (mil setecentos euros), para a “Copa Galicia de Enganches”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que a Sociedade Hípica de Vigo 1910, CIF G36944569 ostenta os dereitos competición.

En relación a Sociedade Hípica de Vigo 1910, CIF G36944569 débese sinalar a exclusividade e os dereitos de organización, como única entidade do municipio de Vigo, que dispón do



Concello de Vigo

certificado para a organización da Copa Galega de Enganches a celebrar os días 20 e 21 de Xullo, certificado emitido pola Federación Hípica Galega, tal e como se acredita na documentación que presenta a entidade. Polo que ningunha outra entidade deportiva do Concello de Vigo podería organizar este evento deportivo.

Na actividade “Copa Galega de Enganches” a subvencionar, concorren singulares circunstancias de interese público, pois é unha actividade que se ven realizando dende xaneiro en varias cidades galegas (Silleda, Nigrán, Ferrol, Xinzo de Limia, Lugo, Cartelle e Tui) onde participaron 22 competidores e mais de 40 cabalos que se clasificaron para esta fase final todos coas respectivas licenzas deportivas, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e sentará as bases para a organización de futuros campionatos de España. Este evento conta cunha ampla promoción da actividade deportiva centrándose na competición de enganche por un cabalo, por dous cabalos e coa proba libre, participando este ano tres representantes da cidade de Vigo. Tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, polo que estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 4.200,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan neste informe-proposta por importe de 1.700,00 €, o que supón un porcentaxe do 40,47 % do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei. Neste caso serían os seguintes:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadjuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo da organización da “Copa Galicia de Enganche” que se celebra na cidade de Vigo os días 21 e 22 de Xullo de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado

20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Sociedade Hípica de Vigo 1910 é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Sociedade Hípica de Vigo 1910 non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17571/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 16 de novembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- 1) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- 2) Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- 3) Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- 4) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- 5) A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- 6) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o

expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Sociedade Hipica de Vigo 1910 non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17571/333.



Concello de Vigo

A proposta de adjudicación directa ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprrobe a concesión dunha subvención a favor da Sociedade Hípica de Vigo 1910 , CIF G36944569, pola organización da Copa Galega de Enganches, que se celebrou os días 21 e 22 de Xullo de 2018, de acordo coas condicións e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencions e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencions de Galicia.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 1.700,00 euros, a favor da Sociedade Hípica de Vigo 1910, CIF G36944569, con cargo á aplicación presupostaria 3410.489.00.01 “subvencionis eventos deportivos” do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1304).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUBE PETANCA ENSINO POLO DESENVOLVEMENTO DO “XII OPEN INTERNACIONAL DE PETANCA CONCELLO DE VIGO”.EXPTE. 17632/333.

Visto o informe xurídico do 18/10/18 e o informe de fiscalización de data 8/11/18, dáse conta do informe-proposta do 18/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 04/09/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor do Clube Petanca Ensino en relación á

celebración do XII Open Internacional de Petanca Concello de Vigo, que se celebrou na cidade de Vigo os días 4 e 5 de Agosto de 2018.

O evento terá lugar entre os días 4 e 5 de Agosto de 2018.

O evento, organizado polo Clube Petanca Ensino, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. David Rodriguez Ribeiro, Presidente da entidade organizadora e posuidor dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa entidade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O servizo de deportes dispón do crédito necesario de 3.000,00 €, na aplicación 3410.489.00.01 do seu vixente orzamento.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do XII Open Internacional de Petanca Concello de Vigo, segundo o presuposto presentado pola entidade Clube Petanca Ensino, ascenden a un total de 6.000,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe-proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 3.000,00 (tres mil euros), para o “XII Open Internacional de Petanca Concello de Vigo”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrência pública, dado que o Clube Petanca Ensino, CIF G36798866 ostenta os dereitos competición.

En relación o Clube Petanca Ensino, CIF G36798866 débese sinalar a exclusividade e os dereitos de organización, como única entidade do municipio de Vigo, que dispón do certificado para a organización do XII Open Internacional de Petanca Concello de Vigo a celebrar os días 4 e 5 de Agosto, certificado emitido pola Federación Galega de Petanca, tal e como se acredita na documentación que presenta a entidade. Polo que ningunha outra entidade deportiva do Concello de Vigo podería organizar este evento deportivo.

Na actividade “XII Open Internacional de Petanca Concello de Vigo” a subvencionar, concorren singulares circunstancias de interese público, pois é unha actividade na que participarán a federación portuguesa, Balear, Catalana, Asturiana, Cántabra. Participarán un total de 400 deportistas, 220 en primeira masculina, 95 en segunda masculina, 70 en feminino e 15 en xuvenís. Un total de 180 equipos, 40 equipos de Portugal, 2 baleares, 4 catalans, 1 asturiano, 8 cántabros e 137 galegos. Despois da 1ª fase os 64 mellores equipos accederán o XII Internacional Concello de Vigo e os clasificados entre o 65º e o 128º accederán o torneo de consolación. Este evento conta cunha ampla promoción da actividade deportiva centrándose na competición de petanca, participando este ano un gran número de equipos galegos. Tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, polo que estas



Concello de Vigo

circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 6.000,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan neste informe-proposta por importe de 3.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 50,00 % do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei, e o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “XII Open Internacional Concello de Vigo 2018” que se celebrou na cidade de Vigo os días 4 e 5 de Agosto de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados

inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Clube Petanca Ensino é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Clube Petanca Ensino non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17632/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 16 de Novembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- 1) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- 2) Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi



Concello de Vigo

practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- 3) Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- 4) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- 5) A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- 6) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Clube Petanca Ensino non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17632/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprobe a concesión dunha subvención a favor da Clube Petanca Ensino, CIF G36798866, pola organización da XII Open Internacional Concello de Vigo 2018, que se celebrou os días 4 e 5 de Agosto de 2018, de acordo coas condicións e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 3.000,00 euros, a favor do Clube Petanca Ensino, CIF G36798866, con cargo á aplicación presupostaria 3410.489.00.01 "subvencións eventos deportivos" do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1305).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2018. EXPTE. 7640/335.

Visto o informe xurídico do 8/11/18 e o informe de fiscalización de data 9/11/18, dáse conta do informe-proposta do 19/10/18, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 17 de outubro de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo, para a organización da Festa do Magosto 2018, que terá lugar o vindeiro 10 de novembro, na praza do Berbés.

Desde hai varios anos, o Concello vén organizando, en colaboración coa Federación de Peñas recreativas "El Olivo", a celebración deste evento, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao

limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

O procedemento a aplicar para o outorgamento desta subvención será o de concesión directa por tratarse dun suposto dos recollidos no artigo 22.2 da devandita LXS, ao estar prevista nominativamente no orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas – Magosto).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de peñas recreativas “El Olivo”, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O convenio non prevé máis obrigas por parte do Concello.

Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 10.831,00 euros.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Federación Peñas - Magosto) do mesmo capítulo económico.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas El Olivo, CIF G-36.704.666, para a organización da Festa do Magosto 2018, que terá lugar o vindeiro 10 de novembro na praza do Berbés.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2018

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 7640/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III.- Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios

galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a programación, organización e execución da Festa do Magosto 2018", que se desenvolverá o vindeiro 10 de novembro na ribeira do Berbés.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a organizar a Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés o día 10 de novembro de 2018, asumindo as seguintes obrigas:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2018", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2018 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).



Concello de Vigo

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

9º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

10º.-Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

14º Á utilización de carpas ou calquera outro elemento de soporte ou cubrición que teñan certificados de homologación deberán cumprir co establecido pola normativa europea, así como certificado de instalación e de cumprimento das medidas de prevención.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 7.000,00 € (sete mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09.2080.5077.9330.4001.6285 da entidade

bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do 15 de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:



Concello de Vigo

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- No caso de que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da

subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.



Concello de Vigo

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

7(1306).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DAS ESPECIES VEXETAIS NECESARIAS PARA A REPOSICIÓN E RENOVACIÓN EN DISTINTAS ZONAS VERDES DA CIDADE. EXPTE. 11270/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 5/11/18, e o informe de fiscalización do 7/11/18, dáse conta do informe-proposta do 5/11/18, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 7 de agosto de 2018, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro das especies vexetais necesarias para a reposición e renovación en distintas zonas verdes da cidade, nas que se precise un cambio ou mellora a fin de garantir e preservar o seu valor ornamental.
- 2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación de data 10 de agosto de 2018, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acorda iniciar o expediente de contratación.
- 3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 21 de agosto de 2018, asínase polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

4.- A Memoria xustificativa de data 9 de outubro de 2018 foi substituída pola memoria xustificativa de data 31 de outubro de 2018, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 2 de novembro de 2018.

5.- En data 18 de outubro 2018, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- En data 31 de outubro de 2018, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe sobre a necesidade de que o presente procedemento estea vixente no ano 2019.

7.- Á vista da memoria xustificativa de data 31 de outubro de 2018, o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación en data 18 de outubro de 2018, é substituído polo prego de cláusulas administrativas de data 5 de novembro de 2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acorda iniciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en concreto dos contemplados no apartado 3.a) do referido artigo, nos que o empresario obrígase á entrega dunha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.



Concello de Vigo

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e, o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e, a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000 euros e, non hai ningún criterio evaluable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por **procedemento aberto simplificado do contrato de subministro** das especies vexetais necesarias para a reposición e renovación en distintas zonas verdes da cidade, nas que se precise un cambio ou mellora a fin de garantir e preservar o seu valor ornamental, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 21 de agosto de 2018 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 5 de novembro de 2018.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 109.000€, que inclúe un IVE de 18.917,35€ , o cal se imputará á partida 1710.2100004 “ADQUISICIÓN DE ARBORADO E ARBUSTOS”, que se distribuirá en dúas anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2018	50.000,00€
2019	59.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez